

XORNADAS SOBRE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA: OPORTUNIDADES E DESAFÍOS PARA OS ENTES TERRITORIAIS

Pontevedra, 28 e 29 de maio de 2002

Juan González Hiltner

Bolseiro de investigación EGAP

Os temas que foron obxecto de exposición e debate nestas xornadas tiveron como propósito reflexionar sobre algúns aspectos dos problemas que deberán afrontar as administracións públicas para aproveitar o potencial das tecnoloxías da información e do coñecemento (TICs) na organización e funcionamento das administracións públicas, de xeito que se sitúen como organizacións prestadoras de servizos de calidade, eficaces e eficientes e en continua adaptación ós cambios para responder ás necesidades sociais nas mellores condicións posibles. No que se refire ó ámbito municipal, adaptar a organización e o concello ás TICs implica tamén promover a xestión de determinados servizos públicos a través de Internet. Todo isto significa orientar os servizos de Internet ás necesidades dos cidadáns e ós seus problemas máis usuais.

Na apertura das xornadas, o director da Escola Galega de Administración Pública, **Domingo Bello Janeiro**, destacou que a rede Internet e o desenvolvemento das tecnoloxías da información poden ser instrumentos que posibiliten unha nova prestación de servizos, así como a aparición e potenciación das canles de comunicación e interacción entre as administracións e os cidadáns. Afirmou que na Administración do século XXI é preciso que as iniciativas públicas de desenvolvemento da sociedade

da información e da Administración electrónica, tamén chamada *e-Administración*, teñan como obxectivo posibilitar esta interacción do cidadán, ou cliente da administración, coa política e coa xestión de servizos. A xuízo de Domingo Bello, os avances que brinda Internet permiten aforrar trámites presenciais, ó ofrecerlle ó usuario a posibilidade de realizar xestións, solicitar ou entregar documentos e certificacións dende un simple ordenador persoal.

A primeira intervención da mañá correu a cargo do catedrático de dereito administrativo e director de REDETI (*Revista do Dereito das Telecomunicacións e as Infraestructuras en Rede*), Juan Miguel de la Cuétara Martínez. O relator tivo a oportunidade de ampliar o coñecemento sobre as novas redes, servizos e aplicacións telemáticas para as comunidades locais. Afirmou que as redes telemáticas toman cada vez máis camiños, e estrutúranse sobre redes fixas: telefónica, cable, etc; redes móbiles: XSM, UMTS, etc., e as redes corporativas: Internet, Intranet, etc.

A telemática incrementa a produtividade no que os analistas chaman a «*nova economía*», e os novos postos de traballo aparecen no hipersector das TICs, e, a pesar da actual crise, o sector segue a medrar. As entidades locais queren impulsa-lo que se chaman as «*ciudades cableadas*», as «*ciudades tecnológicas*», estimulando a modernización tecnolóxica mediante accións de fomento, convenios e concertos así como as iniciativas públicas (STOKAB: extensión da fibra óptica a toda a cidade de Estocolmo).

Entre as iniciativas máis salientables, De la Cuétara mencionou *Infoville*, *Localia*, os plans do goberno español *Info XXI*, iniciativas europeas como *e-Europe*, etc., cursos, xornadas e reunións sobre *e-Administración*. Fronte a estas iniciativas e para evita-lo desconcerto, é necesario, segundo o relator, responder ós seguintes interrogantes: 1) saber de qué falamos, 2) aprecia-la realidade e 3) impulsa-lo futuro.

Respecto á primeira cuestión, saber de qué estamos a falar, o profesor De la Cuétara explicou a importancia das infraestructuras e as redes. Non hai telemática sen infraestructuras e os operadores quéixanse das dificultades que atopan a nivel local para tendelas súas redes, de aí a importancia de que as autoridades locais coñezan a fondo as redes do seu territorio. Saber e saber facer son a clave da tranquilidade cidadá. Os servizos e as súas aplicacións son a clave do despegue telemático, e a Administración local debe dar exemplo co seu uso, debe buscar aplicacións sinxelas e forma-los seus funcionarios; é o efecto demostración dunha grande importancia a nivel local.

Respecto da segunda cuestión, aprecia-la realidade, puxo o exemplo das televisións e radios locais. As tvs e radios de «*proximidade*» teñen o seu lugar no complexo mundo audiovisual, deben limita-las súas aspiracións e concentrarse nas súas vantaxes comparativas, atendendo á nova legisla-

ción audiovisual. Un bo exemplo sería, segundo o relator, a creación dunha «radiotelevisión-escola local». En canto ás redes telemáticas locais, xa hai moito feito, pero queda moito por facer. Cómpre prima-la orientación cara ó cidadán e visualiza-los seus productos e utilidade. Puxo como exemplos a eliminación das colas coa creación de caixeiros automáticos administrativos, e solucións sinxelas para as comunicacións interadministrativas que non precisan de sinatura electrónica.

Puxo enriba da mesa o concepto de convivencia electrónica, ó manifestar que cómpre fuxir das utopías, pois a sociedade da información é para persoas normais. Engadiu que algúns sectores son máis proclives á aceptación das melloras telemáticas. Así, puxo os exemplos do sector do medio natural, responsable do control da contaminación, informando ó cidadán, creando foros de debate, etc.; e os departamentos de tráfico que dispoñen de servicios de telecontrol, recollida de vehículos abandonados, etc.

Como resposta á derradeira cuestión, impulsa-lo futuro, dixo que é necesario estende-la formación a todos. Por un lado, a formación dos funcionarios debe ser consensuada, continua e personalizada, con efectos eficaces a curto e longo prazo e con iniciativas persoais (autoformación). Por outra banda, a formación da poboación, debe ser en cooperación con outras administracións e orientada desde a política local.

Salientou como circunstancias favorables para as TICs que o futuro non pode forzarse, as TICs desenvolveranse se atopan o contorno propicio e, tamén, que a cidade é moderna, só require sensibilidade das autoridades, oportunidades para os emprendedores e non esquece-los núcleos illados.

Recapitulando, o profesor De la Cuétara destacou a necesidade de ter sensibilidade cara ás redes, xa que a vida veciñal se mostra especialmente sensible cara ás telecomunicacións. Salientou a responsabilidade das autoridades de acadar esta sensibilidade, aproveitando o positivo e reducindo o negativo deste fenómeno. Os servicios telemáticos locais poden e deben ser útiles, o «efecto demostración» é importante, pero require que os servicios mostren a súa utilidade. Poucas actuacións, no sector axeitado, sinxelas e ben enfocadas, son preferibles a moitas iniciativas incoexas. O cidadán é o primeiro, iso é o fin de mellora-la convivencia.

Xa para rematar e como conclusión, manifestou que a Administración electrónica xa está entre nós, a convivencia local atopa aquí novas oportunidades para desenvolverse e que a vida local tradicional resultará reforzada da experiencia.

A segunda intervención da mañá tivo como protagonista a **Santiago González-Varas Ibáñez**, profesor titular de dereito administrativo da Universidade de León. A súa exposición centrouse no pulo das administracións territoriais ás novas redes e ás técnicas dispoñibles.

A primeira parte da súa presentación dedicouna a estudar cómo lle van afectar ó funcionario as novas lexislacións que incorporan as novas tecnoloxías na práctica administrativa por referencia ós contratos e ós procedementos. Un primeiro exemplo gráfico da repercusión das tecnoloxías sobre a práctica administrativa é a contratación. O *quid* das reformas en curso é a maior utilización de medios tecnolóxicos na fase de adxudicación do contrato administrativo, é dicir, nas vantaxes que se conseguen cando o procedemento de adxudicación se tramita empregando medios electrónicos, desde o punto de vista da súa maior celeridade.

Como referencia ás tecnoloxías e ós procedementos administrativos, o profesor González-Varas subliñou o artigo 45 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En esencia, no dito artigo apóstase polo emprego e aplicación dos medios electrónicos (parágrafo 1), en especial nas relacións entre a Administración e os cidadáns (parágrafo 2). Tamén fixo referencia ó Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado. Interesa cita-la Lei 24/2001, do 27 de decembro: os rexistros telemáticos e a obrigatoriedade de emprega-los medios telemáticos, xa que introduce na LRXAP-PAC unha alínea 9 ó artigo 38 da citada LRXAP-PAC, en virtude do cal se poderán crear rexistros telemáticos para a recepción ou saída de solicitudes.

De especial transcendencia é, igualmente, a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, que lle realiza a dita Lei 24/2001, do 27 de decembro, á seguridade xurídica preventiva, entendendo por tal o uso da sinatura electrónica por parte de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís ou de bens mobles no exercicio das súas funcións públicas.

O artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social habilita á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para a prestación dos servicios técnicos e administrativos necesarios para garanti-la seguridade, a validez e a eficacia das comunicacións das administracións públicas e organismos públicos, a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos. Para a prestación dos servicios mencionados a FNMT-RCM proporcionaralle a cada usuario que o solicite un certificado electrónico (artigo 5), co fin de que poida ser utilizado nas relacións coa xeneralidade das AA.PP. usuarias do sistema.

Para remata-lo paquete lexislativo sobre a incorporación das novas tecnoloxías na práctica administrativa, o profesor González-Varas mencionou o Real decreto-lei 14/1999, que parte do principio xeral de recoñecemento do mesmo valor xurídico á sinatura electrónica que á sinatura manuscrita, e ademais menciona que aquela é admisible como

proba en xuízo (artigo 3.1) sempre que o certificado recoñecido en que se basee a sinatura electrónica se expedira por un prestador de servicios de certificación acreditado e o dispositivo seguro de creación de sinatura co que esta se produza, se atope certificado (artigos 3.1 segundo párrafo e artigo 21).

En canto ás distintas accións levadas a cabo polo Estado para fomenta-las novas tecnoloxías no seo da Administración pública, o relator destacou as seguintes:

1. Iniciativa Info XXI, o plan de acción *e-Europe*: ámbolos dous pretenden potencia-la presenza da Administración pública en Internet, ofrecéndolles máis información e novos servicios ós cidadáns. Dentro do Plan *Info XXI*¹, enmárcase a iniciativa PISTA, co obxectivo de impulsa-lo desenvolvemento de aplicacións e posta en marcha de sistemas e servicios baseados en redes de telecomunicacións avanzadas e implantalos en sectores claves (sanidade, transporte, educación, bibliotecas, etc).

2. O portelo único: que pretende un acceso a tódolos servicios ofrecidos a través da rede por tódolos organismos da Administración Xeral do Estado.

3. Iniciativas a nivel departamental: que permiten a tramitación telemática dos seus propios procedementos, ademais de poñer en liña a súa información. Cítanse como exemplos: a Seguridade Social na Rede, declaración e pagamento de impostos, rexistro civil electrónico, así como do propio Ministerio de AA.PP.²

4. Programa REINA: informe anual circunscrito ó ámbito da Administración do Estado, que expón con cifras e gráficos os «investimentos e gastos informáticos» realizados tanto a nivel global como por departamentos.

5. Correo electrónico³.

6. Dixitalización: «Plan de acción *e-Europe* 2002: unha sociedade da información para todos» lanzada no Consello europeo de Lisboa e ten por obxectivo clave accelera-la implantación das tecnoloxías dixitais en toda Europa así como garantir que tódolos europeos sexan capaces ou estean en disposición de utilizalas.

7. Comercio electrónico: dictame do comité económico e social sobre o tema «Incidencia do comercio electrónico no mercado interior», onde se aposta por unha maior implantación do comercio electrónico dentro da UE.

¹ <http://www.infoxxi.net>.

² <http://www.map.es/csi>.

³ *Manual para o impulso do correo electrónico na Administración*. Madrid, 1998.

O profesor González Varas rematou a súa interesante intervención facendo unha referencia ó acceso da banda ancha. Dixo que dentro das novas tecnoloxías non pode esquecerse a banda ancha que permite poder navegar por Internet a gran velocidade, usa-lo teléfono simultaneamente, pagar unha tarifa única mensual e estar sempre conectado con Internet. A administración non debe quedar á marxe. Neste sentido, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía anunciou medidas para favorece-lo desenvolvemento de servizos de banda ancha. A nivel europeo están a punto de publicarse no DOCE as novas directivas marco e de acceso, que inclúen normas xerais sobre ADSL.

A sesión da tarde comezou coa intervención do profesor de dereito administrativo e urbanístico da Escola de Arquitectura da Universidade de La Laguna, **Ángel Lobo Rodrigo**, quen fixo unha extensa exposición sobre a ordenación do territorio e o urbanismo como medio de organización de redes de telecomunicación.

O profesor Lobo afirmou que unha vez culminado o proceso de liberalización do sector das telecomunicacións coa Lei xeral de telecomunicacións, deixa de ter razón de ser o sistema de autorizacións mediante concesión administrativa existente con anterioridade, e pásase a outro baseado no outorgamento de autorizacións e licencias individuais⁴. Lembrou que o artigo 2 LXTel dispón que «as telecomunicacións son servizos de interese xeral que se prestan en réxime de competencia».

Afirma o relator que as administracións autonómica e local tamén xogan un importante papel no despregamento de redes de telecomunicacións (art. 7.3 parágrafo segundo da LXTel). O problema xorde cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), realizando unha interpretación flexible da definición de redes de telecomunicacións, inclúe a obra civil como susceptible de ser sometida a licenza de operador de telecomunicacións. Polo tanto, os principais protagonistas do sector das telecomunicacións van se-los operadores de telecomunicacións que, non o esquezamos, son empresas privadas. O problema xorde cando se teñen que relacionar cunhas administracións públicas, a local e a autonómica, competentes para a planificación do seu territorio e a xestión do dominio local.

A resposta de cá debe se-lo papel que teñen que xoga-las administracións locais no despregamento de redes é sinxela, aínda que a súa aplicación sexa extremadamente complexa. Segundo o profesor Lobo, a administración debe axudar a remove-los obstáculos que impidan un despregamento ordenado das redes de telecomunicacións que redun-

⁴ DE LA CUÉTARA MARTÍNEZ, J. M., ARIÑO ORTIZ, R. e ZAGO, T.: *Autorizaciones y licencias en telecomunicaciones. Su regulación presente y futura*. Comares, 2001.

dará en beneficio da comunidade. Así, os instrumentos de planeamento territorial e urbanísticos, competencia exclusiva das administracións autonómicas e locais, poden servir de grande axuda para lograr unha implantación organizada e racional deste tipo de infraestructuras na cidade (ordenación urbanística) e naqueles lugares caracterizados pola ausencia de tecido urbano (ordenación territorial e dos recursos naturais).

Respecto á cuestión competencial, o profesor Lobo afirmou que é natural que o entrecruzamento entre unha competencia vertical, como é a estatal sobre telecomunicacións, cunha horizontal, como é a ordenación do territorio e o urbanismo, produza conflitos. A xurisprudencia máis recente (STS do 18 de xuño de 2001 (RX 8744)), indica que as administracións que teñen as competencias de ordenación territorial e urbanística regular inciden sobre o sector das telecomunicacións.

En canto á elección do instrumento de planeamento idóneo, dependerá do ámbito que se vaia ordenar; se falamos dun ámbito inframunicipal ou municipal acudirase ós denominados plans especiais ou ás ordenanzas municipais; se falamos do ámbito supramunicipal utilizaranse os plans territoriais especiais, que contemplarán a implantación de redes de telefonía móbil no solo rústico e a localización de emprazamentos diferentes.

O relator fixo unha mención especial do contido do artigo 44.3 da LXTel que esixe un informe do órgano competente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía sobre as dotacións de redes de telecomunicacións que necesita o ámbito territorial ó que se refire o instrumento de planeamento, sinalando carencias, continxencias, así como unha serie de consellos de carácter técnico. O profesor Lobo afirmou que a teórica bondade do disposto na lei tórnase ficción á hora da súa posta en práctica, ó carecer, na actualidade, a Administración estatal dos recursos suficientes para a realización deste tipo de informes.

Por outra parte, a Administración titular do dominio (comunitaria, estatal, autonómica ou municipal) poderá impoñer unha serie de condicións derivadas de competencias como a xestión do dominio da que é titular, así como a ordenación dos recursos naturais, territoriais e urbanísticos.

Unha alternativa á saturación que sofre o subsolo ou ós custos derivados das expropiacións é o uso compartido de infraestructuras de telecomunicacións. A compartición ou colocalización de infraestructuras de telecomunicacións pode erixirse nun dos instrumentos máis idóneos para o uso máis racional do dominio público e evitar, desta forma, as molestias relacionadas coa continua apertura de gabias. A compartición de infraestructuras de telecomunicacións atópase regulada no artigo 47 da LXTel desenvolvido polos artigos 48 a 50 do RSU, que traspoñen o artigo 11 da directiva 97/33/CE.

En canto ás novas urbanizacións, o profesor Lobo tratou as cuestións da posibilidade de establecer un dimensionamento mínimo ou estándar das canalizacións que van albergar-los cables de telecomunicacións; o papel do promotor urbanizador e do concello na realización deste tipo de infraestructuras.

Outros axentes que operan no demanio, como é o caso dos subministradores de auga, gas e electricidade, tenden as súas propias redes de telecomunicacións no réxime de autoprestación e explotan a súas canalizacións e galerías, ben arrendando fibra óptica sobranante, ou ben cedéndolles ós operadores de telecomunicacións ás súas infraestructuras a cambio dunha contraprestación económica. O artigo 15 da alínea 1º LXTel dispón que se requirirá licencia individual.

A cuestión fundamental no solo urbano, aínda que tamén se dá no solo urbanizable e non urbanizable, ten que ver coa implantación de redes de telecomunicacións en edificios, especialmente no relativo a infraestructuras de redes de telecomunicacións inalámbricas coma as antenas. Neste sentido, a proliferación de infraestructuras deste tipo levou a algúns concellos a regular, desde un punto de vista urbanístico, o despregamento de redes de telecomunicacións deste tipo. Foron as ordenanzas municipais as que asumiron este papel. Obrigan ós distintos operadores que prestan servizo na área a presentar ante o concello os plans futuros de implantación. En canto ás autorizacións necesarias, as ordenanzas decántanse de forma unánime pola necesidade de licencia de obra para a realización deste tipo de usos de solo. Con relación á limitación de potencia, enténdese que, dada a competencia exclusiva do Estado sobre as telecomunicacións, é o real decreto estatal a normativa que debe servir de base⁵.

O profesor Lobo rematou a súa intervención cunha breve referencia ó réxime sancionador nas ordenanzas. As infraccións e sancións deben estar previamente definidas nunha norma de rango legal, e non cabe unha interpretación restrictiva que impida que mediante un regulamento se poida establecer un réxime de infraccións e sancións, sempre que exista a suficiente cobertura legal. Neste caso, a ordenanza tería como función desenvolver e concreta-los tipos normativos que a lei previamente determinara, co límite de non poder tipificar infraccións nin sancións que previamente non están tipificadas.

A primeira intervención da mañá do día 29 correu a cargo de **Francisco Hernández González**, profesor titular de dereito administrativo e xefe do gabinete do rector da Universidade de La Laguna. O seu relatorio

⁵ Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

centrouse nas incidencias das novas tecnoloxías nos procedementos administrativos, cunha referencia á teleadministración e outras técnicas.

O relator afirmou que a plena implantación de Internet nas actuacións administrativas require importantes reformas legais. Se deixamos a un lado a necesidade de modificar certos preceptos da Lei 30/1992 para incorporar-la referencia ó uso de soportes informáticos, caso dos artigos 59 e 71.3, ou unha nova redacción dos dereitos dos cidadáns do artigo 35, da comparecencia dos cidadáns do artigo 40, da forma do acto do art. 45, etc., hai tres aspectos onde se require un maior desenvolvemento normativo:

1º. Falta unha regulación integrada dos documentos informáticos, que regule todo o relativo á conservación, transmisión, copia, xestión informática dos documentos, acceso, fluxo de documentos, arquivos, etc.

2º. Supera-lo carácter non vinculante da información. O problema fórmulase cando os contidos das páxinas *web* non están actualizados e inducen ós cidadáns a erros: será determinante de responsabilidade polo anormal funcionamento dos servizos públicos (art. 139 LPAO).

O marco normativo para o desenvolvemento das novas tecnoloxías na esfera da actuación administrativa está servido. A pesar de todo, a implantación nos procedementos administrativos é aínda meramente testemuñal. A verdadeira operatividade da informática e de Internet radica en facilitar información sobre a normativa vixente, os órganos competentes ou trámites procedementais que se van seguir, chegando en moi poucos casos a facilita-la presentación das solicitudes por Internet (principalmente nos procedementos iniciados de oficio, tales como contratacións de persoal). O atraso é máis patente, aínda, se falamos dos concellos.

En canto á teleadministración, o profesor Hernández González afirmou que ó amparo de Internet desenvolvéronse unha serie de ferramentas e sistemas que permiten acceder a diferentes servizos cuns mínimos coñecementos informáticos. Entre os máis coñecidos destacan o *www* (*World Wide Web*) (para o acceso transparente a servizos de información e bases de datos (*http*), o correo electrónico (*smtp*), a transferencia de ficheiros (*ftp*), etc.

Os gobernos tomaron definitiva conciencia da importancia da translación dos avances informáticos e telemáticos ó funcionamento das administracións públicas. Disto dá boa conta, tanto a iniciativa «*e-Europe*» da Comisión Europea (decembro 1999), como en España o proxecto «*Info XXI*» elaborado pola Comisión interministerial da sociedade da información e das novas tecnoloxías (1999) e, máis recentemente, o *Libro branco para a mellora dos servizos públicos* (febreiro 2000), que recolle a política governamental cara á informatización das administracións públicas.

O relator apuntou algúns dos beneficios que reporta Internet no funcionamento diario das AA.PP: 1) mellora os sistemas de comunicación recíproca cos cidadáns (carácter bidireccional); 2) mellora a calidade das

decisións a través da maior participación dos cidadáns na toma de decisións; 3) integra os diferentes sistemas de información e de xestión das AA.PP (acceso libre á información, envío de impresos e documentos administrativos, estado da tramitación); 4) intercambio sistemático de información entre AA.PP; 5) axilización e simplificación procedementa (portelo único).

Entre as accións da AXE (Administración Xeral do Estado) para os próximos anos destacou as seguintes: 1) creación dunha Intranet administrativa (reducindo custos e tempo de tramitación); creación dunha Rede multiservicio da administración en Internet (que soporte voz, datos e imaxes); 3) creación dun portelo único de acceso á Administración (4) elaboración dunha Guía de procedementos, prestacións e servizos de Internet; 5) instalación de puntos de atención ó cidadán (de xestión automática e acceso doado); 6) xeneralización do uso da sinatura electrónica e os sistemas de seguridade.

Todo isto redundará, segundo dixo o profesor Hernández, nunha mellora da calidade do servizo que prestan as AA.PP., xa que permitirá conseguir información en tempo real, mellora-la participación cidadá e o achegamento da Administración xunto cunha maior transparencia e menores custos. Ademais significará a automatización e racionalización dos procedementos e facilitará o acceso a eles, a utilización indistinta dos rexistros administrativos e potenciará o intercambio de información entre AA.PP.; neste sentido puxo como exemplo o «Sistema de xestión dos procedementos administrativos» (SXPA) desenvolvido pola Xunta de Galicia con grande éxito.

Agora ben, o relator puxo como garantía destas vantaxes unha serie de condicións técnicas:

- 1) O acceso á rede do maior número de usuarios tratando de evita-la *fenda tecnolóxica* entre cidadáns conectados e non conectados.
- 2) Acceso rápido.
- 3) Acceso seguro.

O relator rematou a súa gráfica e interesante exposición alertando dos riscos que trae consigo unha dependencia tecnolóxica. Fixo especial fincapé en dous: a deshumanización dos servizos administrativos e unha nova alienación do traballo. Sabemos que hai que facer en caso de ausencia, vacante ou enfermidade do titular do órgano, pero non sabemos que facer se cae o sistema informático. Ou é que si o sabemos: tentar arranxalo o antes posible.

As xornadas remataron cunha mesa-coloquio na que participaron Vicente Fenellós Puigcerver, avogado do Estado, e Álvaro M. Rodríguez Carballo, director xeral de organización e sistemas informáticos da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pú-

blica. Ámbolos dous relataron algunhas experiencias nas comunidades valenciana e galega.

Polo que se refire á Comunidade valenciana, Fenellós apuntou que xa hai quince anos que existe a Oficina valenciana da sociedade da información que, baixo a forma de fundación, traballa desde hai un lustro. Froito do traballo desta oficina aprobouse o «Plan moderniza.com», esgotado xa na súa primeira fase, e que comeza o segundo ciclo 2000-2003. Plan ambicioso que abrangue multitude de aspectos e que vén cumprir esa necesidade social de potencia-lo que hoxe denominamos a sociedade da información.

Nesta segunda parte do plan son prioritarios aspectos tales como a transmisión de documentos xudiciais, a matriculación telemática, a comunicación electrónica cos profesores, a petición de cita previa, aspectos sanitarios e farmacéuticos, tramitación de solicitudes de emprego, relación cos servicios sociais, etc. Existe un proxecto específico para as administracións locais e para os avances tecnolóxicos.

O relator fixo unha relación breve e pouco detallada, xa que a Comunidade valenciana está implicada na posta en marcha de 170 proxectos relacionados coas novas tecnoloxías. Son moi heteroxéneos e abranguen ámbitos competenciais mesmo territoriais. Algúns deles son continuación do I Plan, polo tanto van moito máis avanzados, e os outros son froito da realidade social.

En primeiro lugar atopamos un plan denominado *Participa*, que facilita a relación de consultas administración-cidadáns sobre temas de interese xeral. O proxecto *Multirrelación*, que crea un mecanismo de acreditación do cidadán para tódalas xestións que teña que realizar coa Administración (este vai ligado á sinatura electrónica).

No eido da xustiza existe un proxecto que funciona plenamente e con moita eficacia, é *Legalnet* que crea a infraestrutura para axilizar e normaliza-la tramitación dos órganos xudiciais. Relacionado con este atopamos o plan *Cicerone*, aplicación modular instalada en tódolos xulgados da Comunidade valenciana e que interrelaciona os diferentes trámites xudiciais. Asociado a estes existe o *Legalpacs*, plan que trata de dotar de infraestructuras necesarias os xulgados de paz dos concellos de máis de 7000 habitantes.

Noutro ámbito está un dos plans pioneiros, o plan *Infoville*, encamiñado á Administración local. O programa *Infocole*, para estende-la sociedade da información no contorno educativo, non só para os alumnos, tamén para os profesores.

No eido rural, o plan *Disemina*, enfocado a aldeas e núcleos rurais con dificultades no acceso ou nas infraestructuras. No sector do ocio existe *Musicanet*, *Cinenet* (creación dun centro dinámico virtual no audiovisual valenciano).

Dentro das materias da idiosincrasia económica ou sectores empresariais desenvolvidos destacan *Agrinet* (sector hortifrotícola), *Servef* (servicio valenciano de emprego e formación).

Existe tamén o *Prop* (plan de racionalización de oficinas públicas) ou «portelo único», que evita o desprazamento físico, que tramita os procedementos elevados da Administración central. O plan *Civis* crea unha guía de información oficial sobre tódolos funcionarios, tódalas autoridades, sedes, teléfonos, *e-mails*, etc.

Por último, o relator destacou dous relacionados coa sanidade, o proxecto *Gaia*, que crea un sistema central de información de prestación farmacéutica conectado ós centros de saúde, e máis adiante ás farmacias, coa intención de controla-lo gasto farmacéutico. Dentro da rama sanitaria inclúese o *Infomed teleradioloxía*, servizo de teleradioloxía, que desenvolve un sistema dixital de almacenamento e transmisión de imaxes médicas que se implanta en tódolos hospitais da Comunidade valenciana.

O segundo relator, Rodríguez Carballo, fixo unha introducción referíndose á Administración electrónica que vén sendo basicamente Internet, que é unha nova ferramenta de comunicación cunha serie de características como son a independencia, capacidade de crecemento absoluta, emprega estándares comúns, descentralizada e utiliza unha linguaxe sinxela.

Alertou sobre os riscos tales como a seguridade nas transaccións e a fenda dixital como resultado das deficiencias de infraestructuras e os prezos ofrecidos ós usuarios. Isto último explica as baixas cifras de usuarios de Internet na Comunidade galega.

O relator explicou as características do Sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA), a racionalización dos procedementos, a creación dunha base de datos única, etc. que axudou a levar a cabo a transformación da administración. As barreiras son menores no caso de Galicia xa que a racionalización xa comezou nos anos noventa, o que permitiu crear unha sólida base de información entre cidadáns e órganos administrativos en xeral.

O desenvolvemento lexislativo vai máis lento do que o fai a Administración electrónica ou Internet. Por iso, sinalou o relator, tódalas leis que saíron son moi recentes, pero é optimista respecto da adecuación do marco normativo ó marco tecnolóxico.

O responsable de sistemas informáticos da Xunta de Galicia afirmou a boa integración entre concellos e deputacións (convenios asinados en 230 concellos) no tema do *Eido Local*, que non é máis cá tramitación electrónica de documentación entre concellos e a Xunta de Galicia. Destacou os máis de 2500 postos informáticos de información corporativa.

En canto ó marco legal, a Administración galega baséase no Real decreto 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, e logo nas normas que dictou a propia Xunta de Galicia coma a Orde conxunta de

Xustiza e Presidencia para poder levar a cabo a tramitación electrónica do *Eido Local*. Avanzou o proxecto de rexistro electrónico e a súa plasmación legal nos próximos meses, así como o convenio coa Fábrica da Moeda e Timbre como entidade certificadora electrónica.

En canto ó presente, o relator afirmou que se está a traballar en dúas liñas importantes. En primeiro lugar, a eliminación de barreiras para non perde-lo tren das novas tecnoloxías. En segundo lugar, no desenvolvemento de tramitacións electrónicas e na Administración electrónica. Un dos proxectos en marcha é o de *personalidade administrativa dixital* e o da tramitación electrónica a través deste sistema. A personalidade administrativa dixital pretende darlle resposta á Lei 30/1992, evitándolle ó cidadán que presente novamente calquera documento que xa lle presentara á administración.

Destacou o *registro de contratistas*, que permite a licitación electrónica de contratos coa administración de 1200 empresas rexistradas.

O obxectivo final, en palabras do relator, é mellora-lo nivel de vida dos cidadáns, facéndolles máis doada a relación coa administración seguindo o ronsel da sociedade da información. 